

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA
DE 28 DE ABRIL DE 2022.**

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e nove minutos do 28 de abril de 2022 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (ALCALDESA)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE).
D^a CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)

Alcaldesa.- Boa tarde a todos e todas , saúdos aos que nos seguen por streaming. Convido a todos os que nos ven a pasar pola Feira do Viño do Ribeiro.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 31 DE MARZO DE 2022 .

Non formulándose observacións, fica aprobada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 22 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de febreiro; dúas, unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de febreiro; dúas; unha, sobre reclamación previa á vía xurisdic. de traballadora; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de febrero; catro; unha, sobre reclamación previa á via xurisdic. de traballadora; unha, sobre aprobación liuidacion presuposto municipal 2021; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de febreiro; seis; dúas, sobre inscric. de oficio no Padrón Habitantes; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre desestimación recurso reposición; unha, sobre exp. tarxeta estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de marzo; doce; catro; sobre inscric. de oficio no Padrón Habitantes; catro; sobre fraccionamento débeda; unha, sobre denegación solicitude unha, sobre concesión vado permanente; unha, sobre arquivo expte.; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de marzo; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de marzo; vinte e unha; cinco, sobre liq. taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre devolución contía ingresada; unha, sobre reposición legalidade urbanística; oito; sobre incumprimento obrigas en materia biomasa; unha, sobre autorización depósito cinzas en sepultura; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de marzo; once; tres, sobre fraccionamento débeda; unha, innecesidade de autorizacion municipal para división horizontal; dúas, sobre limpeza propiedade; tres, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos.

Do 08 de marzo; doce; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre liquid. taxa serv. ext. incendios e outros; tres; sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre exen, IVTM; dúas, sobre devolución ingresos indebidos; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre incumprimento obrigas en rel. xestión bioamasa; dúas, sobre aboamentos.

Do 09 de marzo; cinco; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; dúas; sobre obrigas incumpridas en materia de biomasa; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de marzo; dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de marzo; dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de marzo; trece; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; seis; sobre obrigas incumpridas en materia de biomasa; dúas, sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre taxa ocupacion via pública xullo-décembro 2022; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de marzo; oito; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre baixa IVTM; dúas; sobre obrigas incumpridas en materia biomasa; unha, sobre inscr. no Rexistro Parellas Feito; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de marzo; dúas; unha, sobre expte. sancionador Confederación Hidrográfica; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de marzo; cinco; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre liquid. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre autorización venda ambulante; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de marzo; oito; catro; sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificación IVTM; dúas, sobre exp. tarxeta estacionamento; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de marzo; seis; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre cambio titular taxa lixo; unha, sobre recurso providencia apremio; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de marzo; seis; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificación recibo IBI; unha, sobre baixa recibo recollida lixo; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de marzo; cinco; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre requirimento obrigas incumpridas; dúas, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre requirimento,.

Do 24 de marzo; sete; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre liq. taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre bonificación IVTM; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de marzo; sete; unha, sobre exen. IVTM; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre baixa IVTM; unha, sobre bonificación IVTM; dúas, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de marzo; cinco; dúas, sobre inscr. oficio no Padrón Habitantes; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de marzo, dúas, unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre obrigas incumpridas en materia biomasa.

Do 30 de marzo; tres; unha, sobre bonificación tarifa parking; unha, sobre imposición multa coercitiva; unha, sobre concesión permiso.

3.- INSCRICIÓN NO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAL DE SOAR DOADO EN PRAZA GARCÍA BOENTE.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 21 de abril de 2022 adoptou o seguinte ditame

INSCRIBIR NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO EPÍGRAFE I BENS INMOBLES, GRUPO A FINCAS URBANAS, NÚMERO DE ORDE 30 O SEGUINTE INMOBLE:

-REFERENCIA CATASTRAL; 0823304NG7802S (PRAZA GARCÍA BOENTE Nº6)

Situación: Praza García Boente nº 6..

Descrición: Tal e como se sinala no informe da arquitecta municipal” presenta unha planta case rectangular, cunha superficie segundo datos catastrais de 52 m2.

Actualmente atópase baleira de edificación , pero aínda se conservan restos dos muros perimetrais , colindantes coas outras edificacións. Executados con fábrica de pedra granítica.

Os seu lindeiros son:

Norte: Praza García Boente.
Parcela catastral 0823304NG7802S – praza García Boente nº 6.
Sur: Rúa dos Fornos.
Este: Parcela catastral 0823306NG7802S.
Oeste: Praza García Boente.

As súas coordenadas xeográficas, segundo os datos catastrais, son:

Coordenada X	Coordenada Y
570.711,36	4.682.190,40
570.701,25	4.682.187,13
570.699,59	4.682.192,33
570.704,23	4.682.193,33
570.709,88	4.682.194,45

Natureza : ben patrimonial.

Urbano. O Plan Especial de Protección e Reforma do Casco Antigo, PEPRI, outórgalle un Grado de Protección Nulo

O título de adquisición do inmovible é escritura de doazón outorgada a favor do concello de Ribadavia con data 4 de marzo de 2022 outorgada por

D Amando García Canitrot
D^a Antonia Araújo Gándara
D^a María José García Araújo
D Santiago García Araújo
D^a Rita María García Araújo
D^a Julia María García Araújo
D^a Raquel García Araújo
D^a María Eugenia Abraldes García
D Guillermo Abraldes García

Título dos transmitentes por herdanza de don Santiago García Rey.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, Ribeiro en común, ; reserváanse para o Pleno os membros do PP e BNG.

Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

Alcaldesa.- É un mero trámite, fixemos xestións que veñen da época en que era alcalde Marcos Blanco. Se ten elaborado unhas memorias polas arquitectas municipais para remitir a Patrimonio e levar a cabo unha pequena actuación.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

4. –INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS MUNICIPAIS DE AECC.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 21 de abril de 2022 adoptou o seguinte ditame

Vista a solicitude presentada con rexistro de entrada no concello 2022-E-RE-211 por don Germán Rodríguez Saa López en representación de Asociación Española contra el Cáncer de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións de Ribadavia.

Vista á documentación adxunta á solicitude :

Proponse:

- Inscibir a Asociación Española contra el Cáncer no Rexistro Municipal de Asociacións de Ribadavia.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PSOE, Ribeiro en común, ; reserváanse para o Pleno os membros do PP e BNG .

Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

Alcaldesa.- É un trámite como o realizado en plenos anteriores, para inscribir a asociación no rexistro de asociacións deste concello.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DA INVASIÓN DE UCRAÍNA.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 21 de abril de 2022 adoptou o seguinte ditame

<<O concello de Ribadavia insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo, 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

1) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo. En particular:

a) Reducir o Imposto Especial aos Hidrocarburos contemplado no artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de Impostos

Especiais, aos niveis mínimos de imposición aplicables aos carburantes, apuntados no Anexo I da Directiva 2003/96/CE do Consello do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

b) Aplicar un tipo impositivo súper reducido do 4% do IVE á subministración de gas natural.

c) Instar á Comisión Europea á modificación da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido, para que contemple a aplicación dun tipo impositivo reducido aos carburantes de automoción, así como a suspensión dos tipos mínimos do Imposto Especial de Hidrocarburos establecidos na 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.

d) Estender as medidas fiscais adoptadas polo Goberno para mitigar a escalada da factura eléctrica ata o 31 de decembro de 2022 e incrementar a redución temporal do IVE para que pase do actual 10% ao 4%.

e) Xerar, para o sector marítimo-pesqueiro, medidas de análogo impacto ou obxectivo que as reducións impositivas demandadas para o gasóleo e gasolina, amais de demandar unha oposición firme e contundente contra as propostas de eliminación das bonificacións dos combustibles dos buques pesqueiros promovidas no marco da Unión Europea e da Organización Mundial do Comercio.

2) Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo. Incluída a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social para alixeirar a carga que están a padecer estes sectores.

3) Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.

4) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

5) Impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos para garantir a subministración de produtos básicos á poboación e no que se

priorice a produción no mercado interior para afondar de maneira máis ordenada posible a carencia de materias primas e compoñentes.

6) Intensificar a flexibilización da normativa de contratación pública vixente, axilizando os procesos de contratación levados a cabo polas administracións públicas evitando trabas e custos desproporcionados.

7) Aplicar unha cogobernanza real dos fondos de recuperación Next Generation coas Comunidades Autónomas e axilizar a súa execución mediante criterios de selección xustos e transparentes, dando prioridade ao impulso de PERTEs que se axusten ás necesidades dos sectores claves para Galicia e a súa posta disposición do tecido produtivo.

8) Aplicar as modificacións dos créditos orzamentarios dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022 que resulten necesarias para reducir gasto improdutivo.

9) Aplicar unha flexibilización temporal das medidas normativas de limitación de importación de materias primas para o sector transformador de produtos do mar (principalmente aceites).

10) Demandar da Unión Europea unha ampliación da flexibilidade interanual das cotas de pesca mediante a realización da distribución de TAC e cotas cara ao ano 2023 ou de adianto das posibilidades de pesca do próximo ano, atendendo á situación de escaso consumo ou caída de capturas e descargas durante este episodio de carestía de combustible.

Así mesmo, o concello de Ribadavia insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores. En particular, impulsar e executar as medidas incluídas no plan de choque elaborado pola Xunta de Galicia, en concreto:

1) *Activar o Bono Social Térmico para axudar aos fogares en situación de vulnerabilidade a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, o do complemento autonómico de 100 euros aprobado no Consello do pasado xoves, 30 de marzo.*

2) *Reforzar as medidas activas no plan de aforro enerxético para as familias, solicitando ao goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas nos fogares galegos (calefacción e auga quente).*

3) *Ampliar o programa Renove Automoción para seguir fomentando a compra de vehículos eficientes.*

4) *Axudar a pequenas e medianas empresas, cunha nova liña de avais de IGAPE-SGR destinada a cubrir as necesidades de liquidez, e a realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.*

5) *Desenvolver un programa de préstamos directos do IGAPE para a industria manufacturera que está a sufrir un maior impacto, así como habilitar os mecanismos necesarios para flexibilizar a devolución dos préstamos e avais directos da Xunta.*

6) *Activar o Bono Enerxía PEME, dirixido a comercios, hostalería e pequenas e medianas empresas para equipos que reduzan o consumo enerxético.*

7) *Activar o bono Turístico como efecto dinamizador do consumo interno e axilizar as axudas para a dixitalización e eficiencia enerxética neste ámbito.*

8) *Inxección extraordinaria para blindar o transporte público por estrada fronte á subida dos carburantes. E traballar na extensión deste compromiso ao sector do transporte sanitario urxente e non urxente, sociosanitario, educativo.*

9) *Inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento de circulante (avais, subsidios de tipo de xuro,...) e do anticipo de axudas da PAC.*

10) *Crear o Observatorio da cadea alimentaria galega como organismo emisor de informes sobre a situación económica dos diferentes ámbitos do sector primario galego.*

11) Crear a Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás obrigas da Lei da cadea alimentaria, singularmente a prohibición da venda a perdas.

12) Poñer en marcha o Observatorio lácteo, onde se escenificará a relación entre os elos desta cadea de valor.

13) Activar as medidas económico-administrativas que sirvan como compensación aos profesionais do mar mediante o pago de dous meses das taxas portuarias que atinxen a esta actividade.

14) Inxectar liquidez no sector do mar mediante a axilización do abono de axudas concedidas, de forma análoga á liña de xestión realizada durante a pandemia provocada pola covid-19.>>

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol PP, ; reserváanse para o Pleno os membros do PSOE, RENC e BNG. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

Alcaldesa.- Lle cedo a palabra ao portavoz do grupo popular.

D César Fernández Gil (PP).- A moción propón unha serie de medidas para paliar a crise ocasionada pola guerra de Ucraína. A moción foi aprobada polo Parlamento de Galicia por unanimidade, contén catorce puntos, é extensa, propón unha serie de medidas, como baixada de impostos, medidas para os sectores primarios. Nos gustaría escoitar a opinión do pleno.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É un gusto poder estar todos xuntos, é un cambio para mellor.

Un breve apunte sobre o soar, dar as grazas aos propietarios. O BNG querría que fose un espazo público integrado na praza.

Respecto á moción, algunhas medidas nos parecen ben, outras non. Algunhas se asemellan as solicitadas na moción que presentamos no anterior pleno. O noso voto vai a ser abstención.

Baixar impostos soa moi ben, axudan aos gobernos a ter ingresos, son para atender aos gastos en educación, sanidade e outros que non se poden recortar.

Alcaldesa.- É unha incogruencia, esta mesma mañá no Congreso dos Deputados o PP votou en contra dunha proposta para paliar os efectos da crise nos cidadáns. Horas máis tarde presentan unha moción a este plenario dunha moción con medidas para paliar os efectos da crise nos cidadáns. Prefiro non calificar dito comportamento.

Imos presentar unha emenda de engadega á moción:

-Que a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense se impliquen e asuman os gastos dos refuxiados ucraínos acollidos polo concello de Ribadavia.

Seguimos esperando resposta aos moitos escritos e chamadas ao Presidente da Deputación realizados solicitando a súa colaboración económica para os refuxiados acollidos; axuda económica que sí se da a outros concellos. Con esa emenda estaríamos a favor, senón en contra.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- De acordo co BNG e coa alcaldesa. A moción chirría polo dito. En vez de predicar, deberían dar un exemplo de solidariedade colaborando economicamente cos ucraínos acollidos en Ribadavia.

D César Fernández Gil (PP).- Non vou a entrar no tema da coherencia ou incoherencia, das que estamos sobrados neste concello últimamente. Aceptamos a engadega.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Podemos facilitar a aprobación coa abstención. É unha demagogia da extrema dereita o tema de baixar impostos,e mentres se fan negocios coas mascarrillas. Maña vai ao pleno da Deputación unha modificación orzamentaria por un importe de dezaioito millóns de euros. Ribadavia ten un bono social para combustible, aluguer, produtos de primeira necesidade.. para os máis desfavorecidos que este goberno estendeu a todo o ano.

Alcaldesa.- Espero que como deputado provincial e vicepresidente terceiro da Deputación colabore para que o presidente da Deputación asuma esta proposta de colaboración cos refuxiados acollidos en Ribadavia.

Sometida a votación a proposta, coa emenda de engadega, obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), abstención PSOE (4), RENC (3), BNG (1), fica aprobada.

D César Fernández Gil (PP).- Se dixó que se se aceptaba a engadega, se votaba a favor. Xa vemos o que vale a palabra.

Alcaldesa.- Aprobouse pola abstención. Se o presidente da Deputación se compromete que cumpra.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Por aclarar a postura do grupo de que formo parte e como grupo de goberno. Lle dixó á alcaldesa que non vale a palabra. Podíamos ter feito como se fai no pleno da Deputación , e traer unha moción de substitución. A alcaldesa falou de aprobar , non de votar a favor. Maña no pleno da Deputación se vota unha modificación orzamentaria de catorce millóns de euros. No anterior pleno o presidente da Deputación se comprometeu a aportar economicamente para os refuxiados ucraínos. Se consegue maña que haxa unha partida para as persoas ucraínas acollidas , o recoñecerei no pleno e recoñecerei que nos equivocamos ao abstermos.

6.-MOCIÓN DE URXENCIA.

Non houbo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Solicito información sobre o tema da placa fotovoltaica, me parece unha boa idea.

Preguntar se chegou o informe sobre o campo do Xestal.

Nas obras da ponte da Veronza, preguntar se vai a realizarse algunha actuación no entorno.

Non vín a cartelería da Feira do Viño; non se repartiu información polos establecementos.

As pulseiras e a copa da Feira do Viño, poden ser un impedimento para a xente maior.

Alcaldesa.- Unha empresa presentou un proxecto para planta fotovoltaica.

Na ponte da Veronza vai a facerse un estudo arqueolóxico e se mellorará a iluminación.

A cartelería da Feira do Viño non se podía repartir pola covid.

Na Feira do Viño existe a opción de pagar en efectivo.

D César Fernández Gil (PP).- Un rogo , en San Paio na parte de abaixo, non funciona o alumeadado público dende semana santa.

Alcaldesa.- Se solucionará de forma inmediata.

E sendo as oito horas e trinta e dous minutos e non habendo máis asuntos que tratar a Alcaldesa levanta a sesión.